

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	TRIACASTELA
Edificio	Igrexa do San Salvador de Toldaos
Dirección	Lugar do San Salvador, s/n. 27639
	42.782852 -7.219072
Protección	
Descrición	Igrexa e cemiterio están pechados por un muro pétreo e aos que se accede por unha porta coroada con arco de medio punto. O acceso principal á igrexa, orixinaria do século XII, está presidido por unha torre campanario de tres corpos. Na nave principal, cuberta a dúas augas, ábrese unha porta no lateral norte e o coro alto sitúase aos seus pés. O chan é de pedra caliza, conservándose pegadas de enterramentos. Un arco toral e outro triunfal, unidos por arcos forneiros, actúan como basamento ao ciborio cuberto a catro augas e rematado por unha cúpula ornamentada con molduras de volutas e pináculo con cruz. O presbiterio cúbrese con bóveda de canón no primeiro tramo e de cuarto de esfera na ábsida. No interior salienta o retábulo maior, cun Sagrado Corazón co relevo do Resucitado, o Salvador sedente, Santa Bárbara, San Antonio, Santiago peregrino, anxos, etc. Tamén hai outros retábulos a dereita e esquerda da nave.
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	www.paxinasgalegas.es
Data	09-03-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Maior	BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)	1930ca		
Torre-campanario	Menor	ANÓNIMO (GALICIA)			

Información completa: [Igrexa do San Salvador de Toldaos - TRIACASTELA \(GALICIA\)](#)

